

RESOLUCIÓN REITORAL DO 11 DE OUTUBRO DE 2024 POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES REGULADORAS DA CONCESIÓN DE AXUDAS AO ESTUDO, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, PARA O ESTUDANTADO DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, E SE CONVOCAN PARA O CURSO ACADÉMICO 2024/2025

Un dos aspectos da autonomía das Universidades, tal e como se recolle no artigo 3.2, letra ñ), da Lei Orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do sistema universitario (LOSU), refírese ao impulso por parte das institucións universitarias de programas específicos de axudas ao estudantado, na liña de garantir a igualdade de oportunidades máis aló da capacidade económica das persoas ou familias e do seu lugar de residencia.

Nese marco insírense diversas convocatorias de axudas realizadas pola Universidade de Santiago de Compostela, entre as que destacan as axudas de manutención iniciadas con ocasión da pandemia por coronavirus en 2020 e que a día de hoxe están consolidadas.

Por outra banda, o Banco Santander e a Universidad de Santiago de Compostela veñen colaborando nos últimos anos, en programas orientados especificamente a reforzar a calidade da docencia impartida, a mellorar a eficiencia da súa xestión académica, a facilitar o acceso a programas de formación continuada, a reforzar a súa proxección internacional, en xeral, a elevar a oferta e o nivel dos servizos que a Universidade vén prestando aos membros da súa comunidade educativa.

Así, a Universidade de Santiago de Compostela, xunto coa Fundación Banco Santander, ofrecen unha axuda valorada en 1.000 € ao estudantado con necesidades económicas demostradas para compensar os gastos derivados nos conceptos de aloxamento, transporte e material de estudo, sen prexuízo da posibilidade de ser beneficiario dos bonos comedor.

Ademais, co fin de poder avaliar a capacidade económica no momento de presentación da solicitude, valoraranse circunstancias extraordinarias sobrevidas para garantir que os condicionantes actuais son os que se teñen en conta á hora da obtención da axuda.

A presente convocatoria axústase ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (en diante, LSG), aplicable expresamente ás universidades segundo a súa disposición adicional quinta, en especial no relativo aos principios de obxectividade, concorrencia e publicidade na concesión de bolsas e subvencións, e igualmente ao establecido no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, que aproba o regulamento da dita lei, así como á Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

O procedemento de concesión das axudas tramitarase en réxime de concorrencia competitiva, nos termos previstos no artigo 19 e seguintes da LSG, polo que será preciso establecer unha prelación das solicitudes presentadas de acordo cos criterios de valoración fixados nestas bases reguladoras para a súa adxudicación, dentro do crédito dispoñible, daquelas que obtivesen mellor valoración en aplicación deses criterios.

Bases reguladoras e convocatoria de axudas ao estudo para o estudantado 2024/2025

A tramitación das axudas efectuarase polo procedemento abreviado e con carácter de urxencia en virtude do disposto no artigo 33 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ata o esgotamento do crédito orzamentario e coas garantías previstas no artigo 31.4 da LSG, sen prexuízo do carácter ampliable do crédito.

Por conseguinte, no uso das atribucións que teño conferidas:

RESOLVO:

Primeiro: Aprobar as bases reguladoras que figuran como anexo I desta resolución, polas que se rexerá a concesión en concorrencia competitiva de axudas ao estudo para o estudiantado da USC, ao tempo que se fai pública a súa convocatoria para o curso 2024/25.

Segundo: As axudas que se concedan financiaranse con cargo aos orzamentos da USC, a través do Convenio Xeral de Colaboración entre a Universidade de Santiago de Compostela e a Fundación Banco Santander, na contía que se determine nas referidas bases que, no caso de estimarse necesario, poderá verse incrementada coa finalidade de dar cobertura a un maior número de persoas beneficiarias, tendo en conta as modificacións e situacións orzamentarias ás que se refire o artigo 30 do Decreto 11/2009, do 13 de xuño, xa citado. Este incremento publicárase no Taboleiro electrónico institucional e na páxina web da USC (<https://www.usc.gal/gl>).

Terceiro: Calquera información, dúbida ou consulta sobre esta convocatoria e a presentación de solicitudes dirixiranse á Xerencia da USC por medio do seguinte correo electrónico: xerencia.axudas@usc.gal.

Cuarto: En cumprimento do disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o texto da convocatoria e a información requirida no parágrafo oitavo do dito artigo serán comunicados á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

Quinto: Facúltase á persoa titular da Xerencia para ditar as resolucións, instrucións ou aclaracións que sexan necesarias no desenvolvemento e a aplicación destas axudas.

Contra esta resolución e os seus anexos, que será aplicable desde o día seguinte ao da súa publicación no Taboleiro electrónico da USC e que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Non obstante, as persoas interesadas poderán interpoñer un recurso potestativo de reposición no prazo de un mes perante o órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo antedito mentres non recaia resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición, ao abeiro dos artigos 123

Bases reguladoras e convocatoria de axudas ao estudo para o estudiantado 2024/2025

e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

O reitor,

Antonio López Díaz

Documento asinado dixitalmente conforme a Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE nº 236 do 2 de outubro de 2015).

Bases reguladoras e convocatoria de axudas ao estudo para o estudiantado 2024/2025

ANEXO I

Bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrncia competitiva, de axudas ao estudo para o estudiantado da USC durante o curso 2024/2025

Artigo 1. Obxecto e contido

As presentes axudas teñen por obxecto sufragar parcialmente os gastos de aloxamento, transporte, e/ou material de estudo que as persoas matriculadas en estudos de grao ou mestrado na USC deban afrontar durante o curso 2024/2025.

O contido da axuda consistirá na achega da cantidade de 1.000 € por persoa beneficiaria, que se adxudicará ás 225 persoas que obteñan máis puntuación segundo o establecido nestas bases.

No caso de que a persoa beneficiaria sexa tamén beneficiaria das axudas para manutención durante o curso 2024/2025, a contía da axuda será de 480 €, unha vez descontado o bono comedor recibido, valorado en 520 €.

Artigo 2. Dotación económica

O crédito inicial máximo desta convocatoria é de 225.000 euros, que se imputarán á aplicación orzamentaria 8075-3914-48000 durante o ano 2024, e á aplicación que corresponda durante o ano 2025, financiada co Convenio Xeral de Colaboración entre a Universidade de Santiago de Compostela e a Fundación Banco Santander, denominada “Axudas USC para o estudiantado”, sen prexuízo da posibilidade do seu incremento de acordo coa normativa de subvencións.

Artigo 3. Requisitos e condicións das persoas beneficiarias

Poderá participar nesta convocatoria o estudiantado da Universidade de Santiago de Compostela (USC) que cumpra os seguintes requisitos:

1. Requisitos académicos

- Estar matriculado/a no curso 2024/25 en estudos conducentes á obtención dun título oficial de grao ou mestrado en calquera centro da USC.
- Non estar en posesión ou en condición de posuír un título do mesmo ou superior nivel ao dos estudos nos que se matricula para solicitar a axuda.
- Formalizar matrícula de, polo menos, 30 créditos, ou no caso de estudos de grao, formalizala dos créditos restantes para rematar os estudos.
- Non poderá participar o estudiantado que estea cursando na USC un programa de mobilidade entrante nacional ou internacional, así como o estudiantado da USC que na data de remate do prazo de solicitude se atope cursando un programa de mobilidade noutra universidade.

Bases reguladoras e convocatoria de axudas ao estudo para o estudiantado 2024/2025

2. Requisitos económicos

Os requisitos económicos referiranse á Renda Persoal Dispoñible (RPD) da persoa solicitante, que non poderá superar os 9.000 euros, segundo o procedemento de cálculo que se indica no primeiro punto deste apartado, así como á existencia de situacións laborais e económicas de especial gravidade posteriores ao ano 2023 previstas no segundo punto, que haberán de xustificarse documentalmente. Neste último suposto, poderase optar ás axudas aínda que no exercicio correspondente para o cálculo da RPD se superasen os 9.000 euros.

2.1. Renda Persoal Dispoñible

Para o cálculo da RPD teranse en conta as rendas familiares (RF) do exercicio 2023 que se calcularán por agregación das rendas de cada un dos membros computables da unidade familiar distinguíndose:

a) Rendas dos membros computables que presentasen declaración polo Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas (IRPF):

i. Sumarase a base imponible xeral coa base imponible de aforro, excluindo todos os saldos netos negativos de ganancias e perdas patrimoniais de 2019 a 2022 e o saldo neto negativo de rendementos de capital mobiliario de 2019 a 2022 a integrar na base imponible do aforro.

ii. Deste resultado restarase a cota resultante da autoliquidación.

O resultado obterase dos recadros da declaración do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas do exercicio 2023: 420+432-421+424+429-430-425-595.

b) Nas rendas dos membros computables que non presentasen declaración valoraranse os ingresos brutos de todo tipo (salarios, rendementos do capital mobiliario, etc.). Do resultado restaranse os pagos a conta efectuados.

O resultado final dividirase polo número de membros computables da unidade familiar a 31 de decembro de 2023. É dicir, a renda persoal dispoñible (RPD) = RF/nº membros computables.

Son membros computables da unidade familiar: os proxenitores, o/a titor/a ou persoa encargada da garda e protección do/a menor, de ser o caso; o/a solicitante, os/as irmáns/irmás solteiros/as menores de 25 anos e que convivan no domicilio familiar a 31 de decembro de 2023, ou os de maior idade cando se trate de persoas con discapacidade, así como os ascendentes dos pais que xustifiquen a súa residencia no mesmo domicilio que os anteriores co certificado municipal correspondente. No caso de solicitantes que constitúan unidades familiares independentes, tamén se consideran membros computables o/a cónxuxe ou, de ser o caso, a persoa á que se encontre unido/a por análoga relación, así como os/as fillos/as se os houbese e que convivan no mesmo domicilio.

En caso de divorcio ou separación legal dos pais, non se considerará membro computable aquel deles que non conviva co/coa solicitante da axuda, pero terá, non obstante, a consideración de membro computable, de ser o caso, o/a novo/a cónxuxe ou persoa unida por análoga relación, cuxas rendas e patrimonio se incluírán dentro do cómputo da renda e patrimonio familiares.

Cando o réxime de custodia dos/as fillos/as sexa o de custodia compartida, consideraranse membros computables o pai e a nai do/da solicitante das axudas, os/as fillos/as comúns e os ascendentes do pai e da nai que xustifiquen a súa residencia no mesmo domicilio que os anteriores mediante o certificado municipal correspondente. Independentemente do seu estado civil, tamén se consideran membros computables ambos proxenitores cando non exista sentenza xudicial, convenio regulador, ou documento análogo, que indique que a custodia é só de un dos proxenitores.

Nos supostos nos que a persoa solicitante da axuda sexa un/unha menor en situación de acollemento, será de aplicación á familia de acollida o disposto nos parágrafos anteriores. Cando se trate dun maior de idade terá a consideración de non integrado na unidade familiar para estes efectos.

Nos casos nos que o/a solicitante alegue a súa emancipación ou independencia familiar e económica, calquera que sexa o seu estado civil, deberá acreditar que conta con medios económicos propios suficientes que permitan a dita independencia así como a titularidade ou aluguer do seu domicilio habitual. En caso contrario, e sempre que os ingresos acreditados resulten inferiores aos gastos soportados en concepto de vivenda e outros gastos considerados indispensables, entenderase non probada a independencia, polo que, para o cálculo da renda, computaranse os ingresos correspondentes aos membros computables da familia a que se refiren os apartados anteriores.

No suposto de que os ingresos da unidade familiar foran obtidos no estranxeiro deberanse acreditar as circunstancias económicas cos ingresos de calquera tipo dos membros computables da unidade familiar, retencións, deducións, bolsas, etc. referidas ao exercicio 2023.

2.2. Circunstancias laborais e económicas sobrevidas

Teranse en conta tamén para o acceso ás axudas a existencia demostrada de situacións laborais e económicas, sobrevidas durante o ano 2024, que impliquen un grave deterioro ou afectación da economía da unidade familiar aínda que non se deduciran dos datos fiscais do exercicio 2023. Para estes efectos, poderanse valorar situacións de desemprego, ERTE, ERE, falecemento ou peche de actividade no caso das persoas autónomas, entre outras.

3. Condición de persoa beneficiara

Poderán resultar beneficiarias ou beneficiarios das axudas todas as que persoas nas que non concorra ningunha das circunstancias que impiden obter a dita condición, de acordo co artigo 10.2º e 3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 4. Compatibilidades

Estas axudas son incompatibles coa percepción de calquera outro tipo de axuda ou subvención de carácter público ou privado para a mesma finalidade.

As persoas beneficiarias das bolsas de carácter xeral para o curso académico 2024/2025 para estudantes que cursen estudos postobrigatorios (Bolsas do MEC) que perciban dentro da contía fixa o compoñente por “residencia do estudante durante o curso escolar”, non poderán destinar o importe destas axudas ao estudo para gastos de aloxamento. Si que poderán destinalo a gastos de transporte e/ou material de estudo.

Artigo 5. Presentación de solicitudes

1. O prazo para presentar as solicitudes, xunto coa documentación que debe acompañalas, é de 15 días hábiles, que se contarán a partir do día seguinte ao da publicación desta convocatoria no Taboleiro electrónico da Universidade.

2. As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos en dúas fases:

I. A través da Sede Electrónica da USC enchendo o formulario normalizado de solicitude que está dispoñible no seguinte enderezo:

<https://sede.usc.es/sede/publica/catalogo/procedemento/180/ver.htm>

II. A través da plataforma do Banco Santander accedendo ao seguinte enderezo:

<http://app.santanderopenacademy.com/program/axudas-ao-estudo-para-o-estudantado-da-usc-durante-o-curso-2024-2025>

3. As solicitudes que non completen integramente as dúas fases teranse por desistidas e a persoa non poderá optar ás axudas

4. As persoas que presentaron a solicitude para as Axudas de manutención durante o curso 2024/2025 non terán que volver a presentar toda a documentación, debendo autorizar a reutilización da documentación presentada, segundo se establece no formulario de solicitude.

Artigo 6. Presentación de solicitudes na Sede Electrónica da USC

1. Para a presentación das solicitudes empregaranse os mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos pola citada sede, nos termos previstos no Regulamento de transformación dixital, administración electrónica e desenvolvemento das tecnoloxías da información e da comunicación da USC (Texto consolidado publicado no DOG núm. 56, do 16.03.2023).

Bases reguladoras e convocatoria de axudas ao estudo para o estudiantado 2024/2025

2. Xunto coa solicitude achegarase o anexo II recollido nestas bases, relativo á autorización para a obtención das correspondentes administracións tributarias dos datos necesarios para o cálculo da RPD, que deberá vir cuberto e asinado por todos os membros da unidade familiar maiores de idade, ou polo titor/a no caso de menores de idade, e que estará igualmente dispoñible na Sede Electrónica da USC.

No caso de que a solicitude sexa formulada por persoas que formen parte de unidades familiares das que as administracións tributarias non dispoñan de datos, será a persoa solicitante quen deba achegar a información fidedigna sobre a situación económica de renda da súa unidade familiar.

Do mesmo modo, se existisen dificultades técnicas que impidan ou dificulten a cesión dos datos por parte das administracións tributarias, requirirase á persoa solicitante a presentación do certificado resumo da declaración anual do imposto sobre a renda das persoas físicas ou o certificado de imputacións, de ser o caso, dos membros computables da súa unidade familia.

3. A persoa solicitante poderá opoñerse a que a Universidade consulte os datos fiscais dasúa unidade familiar. Neste caso terá que presentar o certificado resumo da declaración anual do IRPF ou certificado de imputacións do ano 2023.

4. No caso de que a renda familiar sufrira unha diminución non recollida nos datos fiscais do ano 2023 como consecuencia da crise económica actual, a persoa solicitante poderá alegalo na súa solicitude e presentar a documentación que considere pertinente.

Artigo 7. *Avaliación das solicitudes*

A valoración das propostas virá dada pola puntuación obtida nun dos seguintes apartados, que serán excluíntes entre si:

a) 100 puntos como máximo que corresponderán á Renda Persoal Dispoñible (RPD) en función da renda familiar e do número de membros computables, que se calculará de acordo co indicado no apartado segundo do artigo 3 para os requisitos económicos. A puntuación asignada será a seguinte:

RPD	Puntuación máxima
Até 1.000 €	100
Entre 1.000,01 e 3.000 €	90
Entre 3.000,01 e 5.000 €	80
Entre 5.000,01 e 7.000 €	70
Entre 7.000,01 e 9.000 €	60
Máis de 9.000 €	0

b) 100 puntos como máximo que corresponderán á valoración de situacións laborais e económicas sobrevidas con grave deterioro da economía familiar que non se deduzan dos datos fiscais do ano 2023, ás que refire igualmente o segundo apartado do artigo 3 destas bases.

Bases reguladoras e convocatoria de axudas ao estudo para o estudiantado 2024/2025

Artigo 8. Comisión Avaliadora

1. Unha Comisión Avaliadora valorará as solicitudes presentadas de acordo cos criterios recollidos no apartado b) do artigo anterior. Para estes efectos, a comisión poderá solicitar a documentación xustificativa que estime oportuna, ademais doutros medios probatorios admitidos en dereito.

2. A comisión está composta polas seguintes persoas:

- Xerente, quen a presidirá
- Vicexerenta Xeral Técnica
- Técnica ou técnico de Xerencia

3. O funcionamento da Comisión Avaliadora axustarase ao disposto nas normas contidas para os órganos colexiados na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

4. Unha vez realizada a valoración das solicitudes, a comisión levantará acta na que consignará a puntuación asignada a cada unha delas, e da que dará traslado á Vicexerencia Xeral Técnica.

Artigo 9. Obrigas do estudiantado beneficiario

As persoas que resulten beneficiarias das axudas asumen expresamente as seguintes obrigas:

- a) Respetar as bases da convocatoria e as instrucións que no seu desenvolvemento se diten.
- b) Manter a actividade académica derivada da matrícula que fundamenta a concesión da axuda durante todo o curso 2024/2025
- c) Utilizar a axuda para a finalidade para a que foi concedida
- d) Facilitar á USC toda a información que esta solicite no exercicio das súas facultades de control e inspección.
- e) Xustificar os gastos realizados nos conceptos previstos
- f) O incumprimento destas obrigas, así como o uso indebido da axuda, implicará a revogación de concesión da mesma, sen prexuízo de penalizar ao beneficiario coa imposibilidade de obter outras axudas en seguintes convocatorias. Calquera incidencia que poida xurdir deberase comunicar a xerencia.axudas@usc.gal.

Artigo 10. Órganos competentes para a instrución e resolución do procedemento

1. O órgano competente para instruír o procedemento será a Vicexerencia Xeral Técnica, coa asistencia da Comisión Avaliadora indicada no artigo 8 para a valoración das solicitudes. O órgano competente para ditar as resolucións derivadas do procedemento é a Xerencia.

Bases reguladoras e convocatoria de axudas ao estudo para o estudiantado 2024/2025

2. Unha vez revisadas todas as solicitudes publicarase unha resolución provisional na que se incluírá a puntuación daquelas solicitudes admitidas a trámite e as excluídas, con indicación do motivo da exclusión.

As persoas interesadas poderán formular as alegacións que consideren oportunas no prazo de dez (10) días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación no Taboleiro electrónico da Universidade de Santiago de Compostela da anterior resolución.

5. A resolución definitiva sobre o outorgamento das axudas publicarase no Taboleiro electrónico da USC no prazo máximo de dous meses, contados dende a publicación da presente convocatoria.

Contra a dita resolución definitiva de concesión ou denegación, que pon fin á vía administrativa, cabe interpoñer recurso potestativo de reposición, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015 do 1 de outubro ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo, de acordo coa Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

6. A falta de resolución expresa, unha vez transcorrido o prazo máximo para resolver e publicar, dará lugar a que se entendan desestimadas as correspondentes solicitudes por silencio administrativo negativo, podéndose interpoñer igualmente fronte ao acto presunto o recurso de reposición ou o contencioso-administrativo.

7. De conformidade co artigo 15.2.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, darase publicidade a través do Taboleiro electrónico da USC da listaxe de persoas beneficiarias das axudas.

Artigo 11. Xustificación e pagamento das axudas

As persoas beneficiarias deberán presentar antes do 31 de xullo de 2025, a través do correo electrónico xerencia.axudas@usc.gal, a seguinte documentación:

- a relación de gastos subvencionables correspondentes aos conceptos previstos no artigo 1 xunto coa documentación que acredite a efectiva realización do gasto -facturas ou documentos contables de valor probatorio equivalente, contratos, xustificantes de transferencias bancarias ou calquera outro medio equivalente no tráfico xurídico-.
- certificado de conta bancaria da que sexa titular para recibir a axuda.

O período válido do gasto efectuado será entre o desde o 9 de setembro de 2024 ata o 31 de xullo de 2025.

Unha vez realizadas as comprobacións pertinentes, a Universidade realizará o ingreso na conta bancaria facilitada pola persoa beneficiaria. En atención ao recollido no artigo 4, non se aceptará a xustificación de gastos para aloxamento das persoas beneficiarias das bolsas do MEC.

Bases reguladoras e convocatoria de axudas ao estudo para o estudiantado 2024/2025

Artigo 12. Renuncia das axudas

No suposto de que as persoas beneficiarias queiran presentar a súa renuncia á axuda concedida deberán comunicalo a través do correo electrónico xerencia.axudas@usc.gal . Neste caso, a axuda será outorgada á seguinte persoa segundo figure na lista de agarda das solicitudes recibidas.

Artigo 13. Interpretación

Facúltase á Xerencia para interpretar todas aquelas circunstancias que concorran nas solicitudes e non queden reflectidas nas bases reguladoras da presente convocatoria.

ANEXO II: Autorización para a obtención de datos dos membros computables da unidade familiar

Número de orde	Parentesco coa persoa solicitante	NIF/NIE	Idade	Apelidos e nome	Sinatura
1	SOLICITANTE				
2					
3					
4					
5					
6					
7					
8					
9					
10					

O documento ten que estar asinado por todos os membros da unidade familiar maiores de idade ou polo titor/a no caso de menores de idade. As persoas asinantes autorizan á USC, para os efectos desta convocatoria, a obter das Administracións Tributarias os datos necesarios para a comprobación da renda da unidade familiar.

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: ANTONIO LOPEZ DIAZ, REITOR, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA,
11/10/2024 14:01:38.

CSV: 8CED-A504-49F6-B9E4